Contomar ofrece este luns lecturas de Nadal con contos de días de Reis e historias dos Bolechas.

Escrito por Redaccion @valminorinfo
Domingo, 09 Decembro 2012 07:52



A Biblioteca Municipal de Gondomar albergará outra tarde de contos e historias compartidas para cativos a partir dos 3 anos este luns ás 18 horas. O espazo Contomar, creado e animado pola Asociación Espazo Lectura, prepara varias lecturas para esta sesión do Nadal, entre elas o libro de Chema Heras, Cando Martiño tivo gañas de mexar na Noite de Reis . Tamén estarán presentes as historias dos Bolechas, de Pepe Carreiro, coa historia
Os Bolechas van de pesca.